

Acordo da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos

A Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, na súa xuntanza ordinaria celebrada o día 2 de maio de 2018, acordou¹:

- Aprobar a acta da xuntanza ordinaria do 9 de marzo de 2018.
- Aprobar unha proposta de horarios para o curso 2018/2019.
- Aprobar unha proposta de calendario de exames para o curso 2018/2019.
- Que este ano non se presentará memoria para o Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo, tendo en conta que aínda non se conta con profesorado específico da área de enxeñaría aeroespacial. Acórdase manter o interese para entregar unha memoria no ano 2019 co obxectivo de comezar a impartir o mestrado no curso 2020-2021, cando existan persoas egresadas do grao que oferta a Escola. Este acordo tómase en virtude da delegación efectuada pola Xunta de Escola en reunión do 19 de marzo de 2018.
- Aprobar o 15 de xuño como data para a xornada de acollida do alumnado no curso 2018/2019.

Ourense, 4 de maio de 2018
O secretario

Ángel Paredes Galán

Dilixencia para facer constar que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 8 de maio de 2018.

O secretario

Ángel Paredes Galán

¹Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección. Estes acordos publícanse nunha data anterior á da aprobación da acta da sesión.